

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de xaneiro deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 12 e 14 de xaneiro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación sita na rúa da Industria, números 111-112, Polígono Ceao; para construír un edificio na rúa Magnolia, número 2; para instalación de cheminea para servizo do local de planta baixa no edificio coas licenzas números 55/98, 373/01 e 841/01, sita na praza do Rei, número 6; para reforma de planta baixa no edificio coa licenza anterior número 671/02, sito na praza de Santo Domingo, esquina rúa da Raíña, número 23; para desvinculación de entresollado á planta baixa no edificio coas licenzas números 464/91, 628/92 e 54/93, sito na rúa Curros Enríquez, número 15; para modificación da licenza de obras número 654/09, para construción de garaxe exterior anexo a vivenda e ampliación para cuarto de caldeiras na vivenda construída coa licenza de obras número 1387/03, na rúa do Peto, número 41; para modificación e legalización de planta alta en nave sen uso definido, construída coa licenza municipal número 703/1978, sita na rúa do Comercio, números 165-166; para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de Portanova+Trasfontao, parroquia de Santa María Madanela de Coeses; para reforma de local para venda

polo miúdo de informática, telecomunicacións, TV, Hifi, vídeo, electrodomésticos, foto, CD'S, no centro comercial As Termas, avenida Infanta Elena, 93, local ext. nº 103 e para estacionamento de vehículos ao aire libre, no barrio de Galegos, S/N, parcela 128.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación da oferta de emprego público do ano 2009.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do proxecto técnico na contratación do servizo para a redacción do proxecto de reurbanización e renovación de servizos na N-VI Travesía de Nadela.

Tamén se acorda a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 16/813, do día 22 de decembro de 2010, relativo á adxudicación provisional do contrato das obras de restauración e valorización da piscina romana da praza de Santa María en Lugo (Proxecto 09UR3102 cofinanciado nun 70% polo unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional - FEDER).

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a ratificación do número 305/2010 do Libro de Resolucións en materia de contratación validación do servizo para a redacción do proxecto de reurbanización e renovación de servizos na N-VI Travesía de Nadela. Aprobación do proxecto técnico.

Lugo, 19 de xaneiro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García